

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 32015220 | CEIP Vistahermosa | Ourense  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias da Natureza        | 3º Pri. | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 16            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 17            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 18            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 18            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 19            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 20            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 21            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 22            |
| 9. Outros apartados   | 23            |

## 1. Introducción

Esta programación está destinada á área de Ciencias Naturais do 3º curso de Educación Primaria no CEIP Vistahermosa.

Basearémonos na lexislación vixente: a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, o Decreto 155/2022 do 15 de setembro e a Orde do 25 de xaneiro de 2022 para establecer os procesos de ensinanza-aprendizaxe para o curso 2022-2023.

A área de Ciencias da Natureza está concebida como un ámbito no que os nenos e as nenas de terceiro de primaria deben adquirir os coñecementos esenciais e os principios básicos en relación ao medio natural co obxectivo de acadar un mundo máis solidario, igualitari o e sustentable.

O 3º nivel de EP no CEIP Vistahermosa está composto por 19 alumnos e alumnas con diversas características e necesidades que teremos en conta para elaborar a presente programación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL   | CP | STEM    | CD        | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|--|-------|----|---------|-----------|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.  | 1-2-3 |    | 2-4     | 1-2       |       | 4     |    |      |
| OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.  |       |    | 5       |           | 1-2-3 | 3     |    |      |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.  |       |    | 1-2-4-5 | 1         |       | 4     | 1  | 1    |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5     |    | 2-5     |           | 4     | 1-3-4 | 1  |      |
| OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.   | 3     |    | 4       | 1-2-3-4-5 |       |       |    | 4    |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE  | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas. |     |    | 3-4  | 5  | 3-4-5 |    | 1-3 | 4    |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título  | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | SERES VIVOS E OUTROS NON TAN VIVOS                    | Nesta unidade acercarase o alumnado aos 5 reinos da natureza, coñecendo as súas características máis importantes así como os tipos que existen dentro de cada reino.  | 15             | 18         | X        |          |          |
| 2  | AS PLANTAS.   | As plantas e as súas características principais son os contidos principais desta unidade, onde coñeceremos como viven e como realizan as súas funcións vitais.  | 20             | 18         | X        |          |          |
| 3  | OS VERTEBRADOS  | O eixe central da unidade son os vertebrados. Coñeceremos as funcións vitais que realizan, as súas características así como os diferentes tipos que existen.  | 20             | 18         |          | X        |          |
| 4  | O MUNDO QUE NOS RODEA                                 | Ao longo da unidade o alumnado coñecerá os elementos que conforman os ecosistemas e as relacións que os seres vivos establecen neles. Do mesmo xeito, tamén se tratarán exemplos de bos comportamentos cara o coidado da biodiversidade junto coa relación entre as persoas e os ecosistemas. | 15             | 18         |          | X        |          |
| 5  | OS ESTADOS DA MATERIA                                 | A materia, a súa composición e os seus cambios de estado e os cambios que produce a calor nos corpos, compoñen o núcleo desta unidade.  | 15             | 17         |          |          | X        |
| 6  | A ENERXÍA QUE PRECISAMOS E AS MÁQUINAS QUE NOS AXUDAN | Nesta unidade o alumnado accederá ao coñecemento sobre as enerxías renovables e non renovables, así como ao coñecemento das máquinas e o seu uso na vida cotiá.   | 15             | 16         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                       | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 1  | SERES VIVOS E OUTROS NON TAN VIVOS | 18       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.  | Coñecer e identificar os diferentes reinos da natureza.  | PE | 60 |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.  | Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.                             | TI | 40 |
| CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.   | Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.   |    |    |
| CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.                     | Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.           |    |    |
| CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.  | Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.  |    |    |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.   | TI | 40 |
| CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.                   | Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. |    |    |
| CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.  | Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.  |    |    |
| CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.   | Resolver problemas sinxelos de programación de forma guiada.   |    |    |
| CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.  | Participar en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2  | AS PLANTAS.  | 18       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|                         |                        |    |   |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.  | Identificar as características e propiedades das plantas a través de metodoloxías de indagación.                         | PE        | 60       |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.  | Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.                             |           |          |
| CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.   | Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.   |           |          |
| CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.                     | Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.           |           |          |
| CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.  | Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.  |           |          |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.   |           |          |
| CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.                   | Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. |           |          |
| CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.  | Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.  |           |          |
| CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.   | Resolver problemas sinxelos de programación de forma guiada.   |           |          |
| CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.  | Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> </ul> |

## Contidos

- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 3  | OS VERTEBRADOS | 18       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | Identificar as características e propiedades dos animais a través de metodoloxías de indagación. | PE | 60 |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.   | Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.     | TI | 40 |
| CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.            | Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.                             |    |    |



| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.                     | Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.           |           |          |
| CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.  | Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.  |           |          |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.   |           |          |
| CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.                   | Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. |           |          |
| CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.  | Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.  |           |          |
| CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.  | Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.</li> <li>- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.</li> <li>- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.</li> <li>- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.</li> <li>- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.</li> <li>- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 4         | O MUNDO QUE NOS RODEA | 18              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.   | Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural interpretando, de forma guiada, as relacións que se establecen nel. | PE        | 60       |
| CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. | Recoñecer comportamentos respectuosos de coidado e de protección da contorna.  |           |          |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.  | Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.   | TI        | 40       |
| CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.   | Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.   |           |          |
| CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.   | Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.                                 |           |          |
| CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.  | Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.  |           |          |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.   | Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común adoptando condutas respectuosas                         |    |   |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.   |    |   |
| CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.                   | Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. |    |   |
| CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.  | Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.  |    |   |
| CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.  | Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.</li> <li>- Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias.</li> <li>- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.</li> <li>- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).</li> <li>- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.</li> <li>- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.</li> <li>- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.</li> <li>- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.</li> <li>- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 5         | OS ESTADOS DA MATERIA | 17              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.  | Identificar as propiedades e características da materia e dos materiais.                                       | PE        | 60       |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.  | Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.                   | TI        | 40       |
| CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.   | Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.   |           |          |
| CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente. | Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos. |           |          |
| CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.  | Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.                                    |           |          |
| CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.   | Identificar as diferentes formas de produción da calor.  |           |          |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.   |    |   |
| CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.                   | Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. |    |   |
| CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.  | Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.  |    |   |
| CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.  | Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga.</li> <li>- A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.</li> <li>- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.</li> <li>- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.</li> <li>- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.</li> <li>- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.</li> <li>- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                                   | <b>Duración</b> |
|-----------|---|-----------------|
| 6         | A ENERXÍA QUE PRECISAMOS E AS MÁQUINAS QUE NOS AXUDAN | 16              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.  | Coñecer as fontes de enerxía máis importantes.   | PE        | 35       |
| CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. | Recoñecer comportamentos respectuosos de coidado e de protección da contorna.                                  |           |          |
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.  | Formular preguntas e realizar predicións razoadas de forma guiada e a través da observación.                   | TI        | 65       |
| CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.   | Buscar e seleccionar información básica para as súas investigacións.   |           |          |
| CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.   | Realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos. |           |          |
| CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.  | Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.                                    |           |          |
| CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.   | Analizar os efectos das forzas a través de experiencias sinxelas.  |           |          |
| CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.   | Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a busca de información.   |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, poñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. | Construír en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados. |           |          |
| CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.   | Presentar o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.  |           |          |
| CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.  | Resolver problemas sinxelos de programación de forma guiada.   |           |          |
| CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.   | Participar en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Fontes de enerxía renovables e non renovables.</li> <li>- Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá.</li> <li>- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.</li> <li>- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).</li> <li>- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.</li> <li>- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.</li> <li>- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco</li> </ul> |

## Contidos

- seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, na unidade 1 "Seres vivos e outros non tan vivos", afondaremos no coñecemento do medio natural e exploraremos a nosa contorna identificando os reinos nos que se clasifican os seres vivos coñecendo as súas características principais. Entre outras, realizaremos actividades de repaso dos contidos traballados empregando robots educativos e tarxetas identificativas con imaxes e texto que o alumnado terá que relacionar.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Así, na unidade 2 levarase a cabo unha práctica sobre o crecemento das plantas cara a luz, como forma de adaptación ao medio. Tamén na unidade 5 traballaremos os diferentes cambios de estado da materia, coñecendo de primeira man como cambia de estado a materia que nos rodea.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (contaminación, hábitos saudables, uso abusivo das tecnoloxías, ...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Deste xeito, na unidade 1 realizarase un lapbook de maneira individual onde o alumnado clasificará os animais en vertebrados ou invertebrados atendendo as súas características principais.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. O cal se porá en práctica na unidade 6 coa creación dunha máquina sinxela, como é o caso dun robot educativo, ou na unidade 4, na que o alumnado elaborará carteis informativos sobre animais que están en perigo de extinción para axudarlle a comprender aos demais a importancia do seu coidado, acompañados de códigos QR para compartir a información con toda a comunidade educativa.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.



-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (Dúas columnas, A pelota, Tea de araña, Opinións enfrontadas, Páxinas amarelas,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lectura compartida, Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Xogo de palabras, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación          |
|-----------------------|
| Recursos persoais     |
| Recursos materiais    |
| Recursos tecnolóxicos |
| Recursos dixitais     |
| Recursos espaciais    |

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Describir as características básicas dos elementos do medio natural de forma oral ou escrita, empregando rutinas de pensamento como "Dez veces dous".

- Identificar os diferentes tipos de ecosistemas a través de imaxes, empregando o Plickers.

- Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre a contaminación e a importancia do coidado do planeta.

- Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>15</b> | <b>20</b> | <b>20</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 60        | 60        | 60        | 60        | 60        | 35        | <b>56</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 40        | 40        | 40        | 40        | 40        | 65        | <b>44</b>  |

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 25%. Lista de Cotexo: 15%.

UNIDADE 2: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 25%. Lista de Cotexo: 15%.

UNIDADE 3: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 25%. Lista de Cotexo: 15%.

UNIDADE 4: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 25%. Lista de Cotexo: 15%.

UNIDADE 5: Probas escritas: 60%. Rúbricas: 25%. Lista de Cotexo: 10%. Escala de observación: 5%

UNIDADE 6: Probas escritas: 35%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 40%. Escala de observación: 5%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase facendo a media aritmética das 3 avaliacións e valorando o progreso do alumno/a dende o inicio do curso.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 60% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 40%.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.          | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. |      | X    | X    | X    |      |      |
| ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.   | X    | X    | X    |      |      |      |
| ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. |      |      |      |      | X    | X    |
| ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade         | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------|--|----------|----------|----------|
| Saídas culturais   | Visita a un museo, exposicións...  | X        |          |          |
| Saídas á contorna  | Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.  |          | X        |          |
| Charlas formativas | Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.  |          |          | X        |
| Obradoiros         | Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...   | X        | X        | X        |
| Conmemoracións     | Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller¿ | X        | X        | X        |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Funcionalidade da programación.  |
| Coherencia entre os obxectivos e os contidos.  |

|  |
|--|
| Temporalización.   |
| Metodoloxía empregada  |
| Actividades adecuadas.   |
| Estilo de ensinanza.   |
| Procedementos de avaliación.   |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos                           |
| Organización dos recursos materiais.   |
| Clima de traballo na aula  |
| Rol do docente.  |
| Motivación do alumnado.  |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Medidas de atención á diversidade.   |

### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 32015220 | CEIP Vistahermosa | Ourense  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias Sociais            | 3º Pri. | 2                | 70             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 14            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 14            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 15            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 15            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 16            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 16            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 17            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 19            |
| 9. Outros apartados   | 19            |

## 1. Introducción

Esta programación está destinada á área de Ciencias Sociais do 3º curso de Educación Primaria no CEIP Vistahermosa.

Basearémonos na lexislación vixente: a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro; o Decreto 155/2022, do 15 de setembro e a Orde do 25 de xaneiro de 2022 para establecer os procesos de ensinanza-aprendizaxe para o curso 2022-2023.

A área de Ciencias Sociais é de especial importancia, pois nos permitirá coñecer a nosa contorna, a súa cultura e a súa historia. Ademais, se fomentará o coidado do noso planeta dentro dun enfoque interdisciplinar coa área de Ciencias da Natureza e do resto de áreas do currículo.

O 3º nivel de EP no CEIP Vistahermosa está composto por 19 alumnos e alumnas con diversas características e necesidades que teremos en conta para elaborar a presente programación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL   | CP | STEM    | CD        | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|---|-------|----|---------|-----------|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.   | 3     | 2  | 4       | 1-2-3-4-5 |       |       |    | 4    |
| OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.  | 1-2-3 |    | 2-4     | 1-2       |       | 4     |    |      |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.  |       |    | 1-2-4-5 | 1         |       | 4     | 1  | 1    |
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5     |    | 2-5     |           | 4     | 1-3-4 | 1  |      |
| OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.  | 3     |    | 4       |           | 4     | 1-3   | 2  | 1    |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.  |     | 3  |      |    | 3     | 1-2-3 |    | 1    |
| OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. | 5   |    |      |    | 1     | 1-2-3 |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                    | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A Terra, o noso mundo     | Coñecemento do noso planeta, o Sistema solar e o universo. O alumnado fará unha aproximación ao planeta Terra a través da ferramenta Google Earth.   | 13             | 10         | X        |          |          |
| 2  | O coñecemento do espazo   | Estudo do globo terráqueo, mapas e planos. Traballo do eixe de coordenadas a través do programa Scratch.   | 13             | 10         | X        |          |          |
| 3  | O clima e a paisaxe.      | Os fenómenos atmosféricos. Interpretación de climogramas. Aproveitaremos esta aproximación ao estudo do clima coa posta en marcha dun proxecto consistente na construción e posta en funcionamento dunha estación metereolóxica simple. Por grupos instalarán o pluviómetro, termómetro... e continuarán o resto de curso académico anotando diariamente os datos aportados. | 13             | 10         | X        |          |          |
| 4  | Polo ben do noso planeta. | Responsabilidade ecosocial, desenvolvemento sustentable (Axenda 2030) e o cambio climático.  | 12             | 8          |          | X        |          |
| 5  | O lugar no que vivimos.   | Respecto pola colectividade, empatía social, equidade e educación vial.  | 12             | 8          |          | X        |          |

| UD | Título                  | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5  | O lugar no que vivimos. | Completaremos a UD coa visita ao parque de tráfico da cidade, para aplicar os coñecementos adquiridos, tanto desde o punto de vista dos peóns como dos condutores.   | 12             | 8          |          | X        |          |
| 6  | A nosa CCAA: Galicia    | Valor cultural e patrimonial de Galicia e as diferentes institucións. A organización do territorio. Neste sentido visitaremos a Deputación provincial.   | 12             | 8          |          | X        |          |
| 7  | Poboación e traballo    | Os sectores económicos da sociedade e os movementos poboacionais. Estudo dos sectores primaria, secundario e terciario a través dunha actividade subida a aula virtual do centro.  | 12             | 7          |          |          | X        |
| 8  | As pegadas do tempo     | As formas de vida e manifestacións artísticas na Prehistoria e na Idade Antiga. Levarase a cabo unha visita ao castro de Viladonga, traballando previamente sobre hipóteses de como era a vida e para que servían as ferramentas do poboado. | 13             | 9          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 1  | A Terra, o noso mundo | 10       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto. | TI | 100 |
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.  | Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.        |    |     |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.  | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.  |    |     |
| CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.  | Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.          |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual</li> <li>- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>     | <b>Duración</b> |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 2         | O coñecemento do espazo | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.       | TI        | 100      |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.  | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.        |           |          |
| CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.   | Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual</li> <li>- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.</li> <li>- Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas.</li> </ul> |

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 3  | O clima e a paisaxe. | 10       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.   | Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural. | PE | 25 |
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.       | TI | 75 |
| CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.   | Buscar información de diferentes fontes.  |    |    |
| CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.                          | Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.         |    |    |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.  | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.        |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.</li> <li>- O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma.</li> </ul> |

**Contidos**

- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.

| UD | Título da UD              | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 4  | Polo ben do noso planeta. | 8        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.  | Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.  | TI | 100 |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.  | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.  |    |     |
| CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.   | Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.   |    |     |
| CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.  | Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.  |    |     |
| CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. | Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable. |    |     |
| CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.   | Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.  |    |     |
| CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.   | Respecta o patrimonio natural e cultural.   |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

**Contidos**

- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.
- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.
- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.
- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.
- Compromisos e normas para a vida en sociedade.
- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.

| UD | Título da UD            | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 5  | O lugar no que vivimos. | 8        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.  | Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.                             | TI | 100 |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.              | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.                       |    |     |
| CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a chegada da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.               | Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural. |    |     |
| CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática. | Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.                                 |    |     |



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. | Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.       |           |          |
| CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.   | Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.</li> <li>- Organización política e territorial de Galicia.</li> <li>- Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>  | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 6         | A nosa CCAA: Galicia | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>                                      | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática. | Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos. | PE        | 30       |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.      | TI        | 70       |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.  | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.       |           |          |
| CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.   | Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.</li> <li>- Organización política e territorial de Galicia.</li> <li>- Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia.</li> <li>- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>  | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 7         | Poboación e traballo | 7               |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto                       | TI        | 100      |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.  | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.                       |           |          |
| CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.  | Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.                               |           |          |
| CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.  | Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.</li> <li>- Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas.</li> <li>- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 8         | As pegadas do tempo | 9               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.                                       | Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga.  | PE        | 50       |
| CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.  | Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero. |           |          |
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.   | Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.  | TI        | 50       |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.  |           |          |
| CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.  | Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.   |           |          |
| CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.                  | Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia.</li> <li>- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.</li> </ul> |

## Contidos

- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## **9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 32015220 | CEIP Vistahermosa | Ourense  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Educación plástica e visual | 3º Pri. | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 14            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 15            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 16            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 16            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 17            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 17            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 18            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 19            |
| 9. Outros apartados   | 20            |

## 1. Introducción

A Educación Plástica e Visual é un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

### CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado conta con 8-9 anos de idade aproximadamente. Neste curso temos unha alumna con necesidades educativas específicas de apoio educativo.

Nº de alumnos/as: 19

Punto de Partida- Información recollida da memoria do curso 21/22, todos os nen@s foron alumn@s meus no curso pasado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.                                       |     | 3  | 1    | 1  | 3     | 1  | 2  | 1-2  |
| OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3   | 3  | 2    | 1  |       | 3  |    | 1-2  |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE  | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.  | 1   | 1  |      | 2  | 5     | 2  | 1   | 3-4  |
| OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1   | 3  | 3    |    |       | 2  | 1-3 | 3-4  |

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título        | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | As liñas      | Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia. | 18             | 7          | X        |          |          |
| 2  | As profesións | Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballarase de xeito máis destacado.  | 18             | 6          |          | X        |          |
| 3  | Pinceladas    | A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións. As Letras Galegas serán de especial relevancia.  | 24             | 5          |          |          | X        |
| 4  | Frida Kahlo   | Esta UD inicia ao alumnado na vida e obra de Frida Kahlo. O traballo en grupo e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa.   | 40             | 17         | X        | X        | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1  | As liñas     | 7        |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.  | Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.  | TI | 100 |
| CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade e emprégaos nas súas composicións.  |    |     |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Respecta as producións propias e alleas.   |    |     |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.   | Traza, empregando a regra, escuadro e cartabón, rectas paralelas e perpendiculares.  |    |     |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.   | Participa nun mural grupal (combinando técnicas de picado, encartado e pegado) respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas. |    |     |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.   | Coida e emprega axeitadamente os recursos de traballo.   |    |     |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.   | Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.                              |    |     |
| CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.        | Emprega a cuadrícula no ordenador como referencia para copiar e representar modelos de maneira proporcionada.  |    |     |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.   |    |   |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.  | Continúa series con motivos xeométricos no ordenador.<br>Realiza composicións empregando formas xeométricas.                              |    |   |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.  | Emprega as TIC para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a procura de material para a creación dun mural grupal.     |    |   |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Coñece e valora o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo a través do ordenador e valora a precisión dos resultados. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo</li> <li>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.</li> <li>- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | As profesións       | 6               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.  | Aproxímase á lectura dunha imaxe identificando os elementos fundamentais.   | TI        | 100      |
| CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Recoñece as imaxes fixas e en movemento no seu entorno.   |           |          |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.   |           |          |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.   | Coñece algunha das profesións dos ámbitos artísticos.<br>Recoñece as características do traballo de profesionais da artesanía.                                    |           |          |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.   | Participa nunha fotomontaxe grupal sobre as profesións traballadas na aula, respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas. |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Valora as producións creadas por diferentes profesionais artísticos.  |           |          |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.  | Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas. |           |          |
| CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Realiza no ordenador as súas composicións organizando o espazo e buscando a proporción entre persoas e obxectos.                          |           |          |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.   |           |          |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.   | Secuencia no ordenador unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón dun cómic.                 |           |          |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.   | Procura imaxes dixitais na Internet, seleccionando, copiando e pegando ditas imaxes noutro documento.                                     |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Valora o uso das TIC para documentarse.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> </ul> |



## Contidos

- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3  | Pinceladas   | 5        |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|                         |                        |    |   |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.  | Recoñece a simboloxía das cores frías e cálidas aplicando ditos coñecementos nas súas composicións.   | TI        | 100      |
| CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Identifica, analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles.  |           |          |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Respecta as producións propias e alleas.  |           |          |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.   | Realiza composicións plásticas con diferentes técnicas de debuxo partindo de contidos traballados en unidades anteriores (puntillismo, acuarela, témpera...). |           |          |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.   | Participa nunha pinacoteca grupal de autorretratos, respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.                     |           |          |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.   | Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.  |           |          |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.   | Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes con diferentes técnicas artísticas e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.       |           |          |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.   |           |          |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.  | Organiza no ordenador o espazo das súas producións empregando os conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.                                   |           |          |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.  | Participa de xeito positivo en actividades e xogos de ordenador sobre localización de obxectos ocultos, labirintos e deseño de paisaxes.                      |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.   | Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas a través do ordenador.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.
- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4  | Frida Kahlo  | 17       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.            | Coñece, lembra e describe os datos máis relevantes da vida e obra de Frida Kahlo.  | TI | 100 |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.  | Selecciona obras de Frida Kahlo entre outros/as artistas.  |    |     |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Respecta e valora os diferentes tipos de expresión plástica.   |    |     |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.   | Identifica e relaciona "as cores de Frida" (verde escuro, amarelo, azul cobalto, negro e azul mariño) e a súa simboloxía (luz, terra, amor, tristeza e distancia). |    |     |
| CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.  | Coloca de xeito acertado etiquetas de cores coas emocións que espertan as versións de distintos cadros de Frida.   |    |     |
| CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.   | Comprende e explica o visto e oído na aula sobre a historia e a obra de Frida Kahlo.   |    |     |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Respecta e valora as producións propias e alleas.  |    |     |
| CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Coñece, lembra e distingue o tema das obras plásticas de Frida Kahlo traballadas na aula.  |    |     |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.   | Emprega as TIC de xeito reponsable para a procura, creación e difusión da obra de Frida Kahlo.   |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Respecta e interésase polas producións de Frida.  |           |          |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.   | Elabora co ordenador deseños de vestidos con elementos propios da cultura mexicana.<br>Debuxa e colorea unha escena de baile co traxe típico da cultura mexicana. |           |          |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.    | Participa de xeito positivo amosando interese na visita virtual ao museo de Frida "A casa azul".  |           |          |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.   | Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras de Frida Kahlo.  |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> </ul> |

## Contidos

- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.

- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Pantalla dixital  |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc. |
| Altofalantes  |
| Pinceis e témperas  |
| Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras  |
| Imaxes de obras de Frida Kahlo  |
| Bloc de debuxo e cartolinas   |
| Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual  |
| Estoxo  |
| Deseños incompletos da obra de Frida Kahlo  |
| Pasta de modelaxe   |
| Regra, escuadro e cartabón  |

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo

o edificio e do que se fai inventario de xeito regular.

A sección desta materia na páxina web do centro servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 18   | 18   | 24   | 40   | 100   |
| Táboa de indicadores  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100   |

### Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.



### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas. Neste curso hai unha nena con necesidades educativas especiais que xa ten a súa correspondente adaptación curricular.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|--|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora   | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita  | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual  | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital   | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres                                | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos |      | X    |      |      |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Educación para a saúde   | X    | X    | X    | X    |

### Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                      | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Decorar os corredores trimestralmente           | Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.           | X        | X        |          |
| Exposicións dos traballos realizados en cada UD | Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...                           |          |          | X        |
| Exposición con invitación ás familias           | No 3º trimestre exposición guiada das obras de Frida no patio do centro polo alumnado con invitación ás familias. |          |          | X        |
| Colaboración no Xornal do Centro                | No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no Xornal.    |          |          | X        |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico                         |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.  |
| Funcionalidade da programación: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.  |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación.   |

|   |
|---|
| Máis do 80% do alumnado superou a materia.  |
| Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.                                      |
| Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.                                 |
| <b>Metodoloxía empregada</b>  |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.                                |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.                    |
| <b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b> |
| Aportouse información ao persoal docente titor.   |

### Descrición:

| CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).   | Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.  |           |          |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.  | Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.                                   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> </ul> |

## Contidos

- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir de xeito pautado persoas.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

| UD | Título da UD    | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 7  | Spring holidays | 5        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.                         | Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.    |    |     |
| CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado. | Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais, relacionadas co contido desta UD. | TI | 100 |



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.   | Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.        |           |          |
| CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.  | Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 aínda que non o consiga completamente.  |           |          |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.   | Levar a cabo o que expresa o CA2.1 mesmo que sexa contando con axuda.   |           |          |
| CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir de xeito pautado persoas.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> </ul> |

**Contidos**

- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

| UD | Título da UD               | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 8  | Moving around: my hometown | 25       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.                           | Levar a cabo os procesos que se describen no CA1.2 contando con axuda.  |    |     |
| CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado. | Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais, relacionadas co contido desta UD. |    |     |
| CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.                               | Levar a cabo os procesos que se describen no CA1.5 contando con axuda.  | TI | 100 |
| CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.  | Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.          |    |     |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).                                  | Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.  |    |   |
| CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir de xeito pautado persoas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: dar indicacións e instrucións elementais.</li> <li>- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.</li> <li>- Léxico elemental relativo á vivenda.</li> <li>- Léxico elemental relativo a lugares e contornas de interese.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.</li> <li>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul> |

## Contidos

- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD     | Duración |
|----|------------------|----------|
| 9  | Summer is coming | 10       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.  | Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais, relacionadas co contido desta UD.          | PE | 15 |
| CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados co verán e as actividades de lecer. | TI | 85 |
| CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.  | Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.             |    |    |
| CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.   | Participar con interese en facelo o mellor posible.  |    |    |
| CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.   | Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.                  |    |    |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.  | Iniciarse no proceso que describe o CA2.2 cantando coa axuda doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.  |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.                                   | Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. |    |   |
| CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais. | Poñer interese e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira  |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: expresar o tempo, a cantidade e o espazo.</li> <li>- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.</li> <li>- Léxico elemental relativo a lugares e contornas de interese.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> </ul> |

## Contidos

- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe toma como referencia as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a terceiro de primaria. Así, a metodoloxía que seguiremos levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, contestar a preguntas, desenvolver un xogo....

- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.

- Realizar proxectos significativos moi simples adaptados ao nivel educativo.

- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado deste grupo de 3º, o que axudará a darlle a cadaquén unha atención individualizada.

- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.

- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua estranxeira.

- Impulsar situacións diversas de interacción de comunicación oral entre o alumnado : en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.

Neste ámbito da comunicación oral, introduciremos o xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades xa que nos parece un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir moi brevemente a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias de terceiro de Primaria.

- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e o uso do formato vídeo e a radio escolar para emitir e gravar pequenas cuñas publicitarias e mensaxes para o resto da comunidade escolar.

- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.

- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas

necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a esta lingua, a través do mundo dixital.

- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, tarxetas con imaxes do vocabulario das uds, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos, para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que podemos destacar a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos na lingua que queremos vaian adquirindo.

- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte á tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| 1- Páxinas web de xogos online                          |
| 2- Historias e contos publicados na rede                |
| 3- Xogos de mesa  |
| 4- Xogos físicos  |
| 5- Libros de lectura                                    |
| 6- Posters e murais                                     |
| 7- Ferramentas de elaboración de materiais              |
| 8- Encerado dixital interactivo - smart board           |
| 9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola  |
| 10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar |
| 11- Vídeos  |
| 12- Rimas e cancións                                    |
| 13- Actividades DUA                                     |

NOTA: neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparecerá un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 3º.

Citamos algúns exemplos:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

-Memory

-Drag it.

-Simon says

-Match it.

-Guess it.

-What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

" The Very Quiet Cricket": <https://www.youtube.com/watch?v=YdiGEjz5b0Q>

" From Head to Toe": <https://www.youtube.com/watch?v=QpCebCxrPVk>

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

\* adiviñar a tarxeta;

\* memory game;

\* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.

- Noughts and crosses.

- Trivial.

- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,

+ xogos de rol,



+ xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,  
+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

+ Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

+ Genially: <https://genial.ly/why-genially>

+ Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)

+ Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso pódense recoller evidencias tales coma gravacións de audio e/ou vídeo individuais, e interacción en parella ou en gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado, rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7     | UD 8      | UD 9     | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>20</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>5</b> | <b>20</b> | <b>5</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 10        | 0         | 10        | 10        | 20        | 20        | 0        | 0         | 15       | <b>9</b>   |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 90        | 100       | 90        | 90        | 80        | 80        | 100      | 100       | 85       | <b>91</b>  |

### Criterios de cualificación:

A hora de establecer os criterios de cualificación da materia teremos en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación: observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role play, teatrais, análise de portfolios e outros. Por outra banda, as táboas de indicadores e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita.

As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar. Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

Nota Primeira Avaliación =  $(\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2} + \text{NOTA UD3}) / 3$

Nota Segunda Avaliación =  $(\text{NOTA UD4} + \text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 3$

Nota Terceira Avaliación =  $(\text{NOTA UD7} + \text{NOTA UD8} + \text{NOTA UD9}) / 3$

Para o cálculo de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 50%, Listas de Cotexo: 50%

UNIDADE 2: Probas escritas: 50%, Lista de Cotexo: 50%

UNIDADE 3: Probas escritas: 50%, Listas de Cotexo: 50%

UNIDADE 4: Probas escritas: 50%, Listas de Cotexo: 50%

UNIDADE 5: Probas escritas: 50%, Listas de Cotexo: 50%

UNIDADE 6: Probas escritas: 50%, Listas de Cotexo: 50%

UNIDADE 7: Probas escritas: 50%, Listas de Cotexo: 50%

UNIDADE 8: Probas escritas: 50%, Listas de Cotexo: 50%

UNIDADE 9: Probas escritas: 50%, Listas de Cotexo: 50%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL:  $\text{Nota 1ª avaliación} * 0.3 + \text{nota 2ª avaliación} * 0.3 + \text{nota 3ª avaliación} * 0.4$

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando os números das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

O reforzo educativo será o procedemento a seguir para aquel alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo e poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. Levaranse a cabo as seguintes medidas de atención a diversidade:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.
- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.
- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.
- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.
- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

ATENCIÓN EDUCATIVA DUNHA NENA CON NECESIDADES EDUCATIVAS:

Neste curso contamos cunha nen@ con necesidades educativas especiais que conta coa súa correspondente ACI.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes | X    |      |      |      |      | X    |      | X    |
| ET.2 - Os dereitos da Infancia          |      |      | X    | X    |      |      | X    |      |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.3 - A resolución pacífica de conflitos |      | X    |      |      | X    |      | X    | X    |

|   | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes   |      |
| ET.2 - Os dereitos da Infancia            | X    |
| ET.3 - A resolución pacífica de conflitos |      |

### Observacións:

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                      | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Conmemoracións da escola.                       | Samalín.magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia.... |          |          |          |
| Conmemoracións específicas relacionadas coa LE. | Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....      |          |          |          |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados. |
| Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.   |
| Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.  |
| Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL                 |
| Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.   |

### Descrición:

Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporización das unidades, coordinación entre o profesorado.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións destas, cada mestra/e escollerá as que considere máis oportunas.

Neste apartado "Descrición" explicaremos aspectos como o procedemento para a recollida de información, os momentos nos que se levará a cabo ou o emprego que lles daremos ós datos. Isto é decisión de cada mestre e mestra e, en todo caso, un acordo de claustro.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Tamén comprobaremos a actividade lectiva coa programación de aula, xa que así comprobaremos se o programado inicialmente se desenvolveu con dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Teremos en conta os seguintes aspectos na revisión e avaliación da memoria:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Coordinarse regularmente coa auxiliar de conversa e analizar conxuntamente a programación didáctica formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarse un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 32015220 | CEIP Vistahermosa | Ourense  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua galega e literatura  | 3º Pri. | 4                | 140            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 31            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 33            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 33            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 34            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 35            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 36            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 37            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 37            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 38            |
| 9. Outros apartados   | 39            |

## 1. Introducción

A presente programación didáctica está enmarcada no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos nesta recollidos.

Esta PD está pensada para ser levada a cabo na área de Lingua Galega do CEIP Vistahermosa,, un centro situado na periferia de Ourense, que conta con 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 6 unidades de educación primaria

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

- Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades da programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

### CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado conta con 8 anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Nº de alumnos/as: 19

Partimos dunha situación moi deficiente tanto no que se refire ao uso da lingua oral e como na escrita xa que a lingua empregada polo alumnado é maioritariamente o castelán, un 83 % do alumnado fala en galego traducindo do castelán con moitas dificultades e sen ningunha fluidez.

Casos especiais:

1 Alumno con ACs

Varios alumnos con TDAH

Existen varios alumnos procedentes doutro país polo que presentan dificultades para alcanzar os obxectivos e as competencias que lle corresponden pola súa idade. Estas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento da lingua galega e tamén no atraso madurativo que presenta sobre todo no referente á comunicación oral e escrita.

### **MEDIDAS ORDINARIAS:**

As medidas adoptadas para a atención á diversidade e para resolver as necesidades de mellora, en canto ao desenvolvemento dos obxectivos curriculares e a aspectos competenciais, irán encamiñadas a:

- Proporcionarlle procedementos que lles permitan adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión oral, á lectura, á escritura e o cálculo, numeración, coñecemento do medio natural e físico que lles rodea.
- Utilización de estratexias encamiñadas a favorecer un clima de respecto ás intervencións de cada quen.
- Fomentar o uso do galego como lingua propia e mostra de identificación de Galicia a través de cancións.
- Propoñer tarefas encamiñadas a ampliación do vocabulario galego: realizando proxectos, enquisas, transcribindo no ordenador diferentes traballos, uso do dicionario online.
- Guíalos con técnicas e consellos que os axuden a redactar textos adecuados ao seu nivel, dende a preparación ata a redacción e a corrección final.
- Provocar e facilitar situacións de reflexión persoal e toma de conciencia da necesidade de adquirir procedementos que lle levarán a mellorar.
- Posta en común de ideas encamiñadas a que interioricen a necesidade dun comportamento adecuado .
- Utilizaranse estratexias para que reflexionen sobre a necesidade de madurar e así aproveitar mellor as aprendizaxes.
- Programar tarefas que favorezan a reflexión sobre o control das emocións e xestionais para evitar conflitos persoais.
- Ao alumnado con dificultades lecto escritoras, seleccionarlle o número de actividades, darlles máis tempo, comentar



as correccións para que tomen nota dos erros.

- Comunicarlles o que teñen que reforzar para poder superar a materia.
- Compartir as rúbricas para que coñezan desde un principio o que deben saber.
- Contar coa colaboración das familias para acadar mellores resultados actuando coordinadamente.
- Realizar probas orais, nas que non haxa que escribir, empregando programas de gravación de voz.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación, a secuenciación de tarefas e a verificación da comprensión das mesmas.
- Aula de atención educativa e convivencia- Realización de tarefas para realizar, desenrolo do programa de habilidades sociais que se regulan no artigo 53 da orde de atención á diversidade.

**MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

Revisar a adaptación curricular dun alumno.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual.   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. |      |      |      | X    |      | X    |      |      |
| ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.                                   | X    |      | X    |      | X    |      | X    | X    |
| ET.7 - Educación para a paz.   |      |      | X    |      | X    |      |      |      |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.  |      | X    |      | X    |      | X    | X    |      |
| ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).                | X    | X    |      |      | X    |      | X    | X    |

**Observacións:**

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos de alumnos, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos alumnos máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Actividades de biblioteca.   | Contacontos, animación á lectura.   | X        | X        | X        |
| Actividades promovidas polo Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística. (2º trimestre) | Conmemoración do Samaín, O Magosto, Día de Rosalía, Día das Letras Galegas. | X        | X        | X        |
| Asistir a unha representación teatral. (3º trimestre)  | Selección dalgunha obra ofertada para escolares no auditorio.               |          |          | X        |
| PDI "1, 2, 3 a contar outra vez"   | Traballo con fontes documentais diversas relacionadas co título do PDI      | X        | X        | X        |

### Observacións:

A participación do alumnado nas actividades complementarias propostas contribúe na consecución dos obxectivos propostos na área para o terceiro curso.

Os elementos transversais tamén estarán presentes no deseño e realización de todas as tarefas relativas as actividades extraescolares programadas polo centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.                         |

|  |
|--|
| Metodoloxía empregada  |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.              |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.    |
| 9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.                                    |
| 10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.                             |
| 11. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.      |
| Medidas de atención á diversidade  |
| 6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.  |
| 7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. |
| 8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.                                |
| Clima de traballo na aula  |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.                            |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.             |

### Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación . Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente , as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.

7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 32015220 | CEIP Vistahermosa | Ourense  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Matemáticas                 | 3º Pri. | 4                | 140            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 27            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 29            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 30            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 31            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 32            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 32            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 33            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 34            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 35            |
| 9. Outros apartados   | 35            |

## 1. Introducción

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

O 3º nivel de EP no CEIP Vistahermosa está composto por 19 alumnos e alumnas con diversas características e necesidades que teremos en conta para elaborar a presente programación.

Casos especiais:

1 Alumno con ACs

Varios alumnos con déficit de atención

Varios alumnos con dificultades lectoescritoras.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM  | CD    | CPSAA | CC | CE  | CCEC |
|--|-----|----|-------|-------|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.  |     |    | 1-2-4 | 2     | 5     |    | 1-3 | 4    |
| OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.              |     |    | 1-2   |       | 4-5   |    | 2-3 | 2-4  |
| OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento. | 1   |    | 1-2   | 1-3-5 |       |    | 1-3 |      |
| OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.                                 |     |    | 1-2-3 | 1-3-5 |       |    | 3   |      |
| OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.                                      |     |    | 1-3   | 3-5   |       | 4  |     | 1    |

| Obxectivos   | CCL     | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE  | CCEC |
|--|---------|----|------|-----|-------|-----|-----|------|
| OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.  | 1-2-3-5 |    | 2-4  | 1-5 |       |     | 3   | 4    |
| OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.                               |         |    | 5    |     | 1-4-5 |     | 2-3 |      |
| OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables. | 5       | 3  | 3    |     | 1-3   | 2-3 |     |      |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título         | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A vida diaria. | <p>Esta primeira proposta do curso é globalizada, permite establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas. Favorece o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evita abordar os contidos de forma illada e descontextualizada. Trátase dun enfoque intradisciplinar e integrador. Coa proposta o alumnado poderá traballar nas matemáticas combinando diversos recursos.</p> <p>Os sentidos matemáticos con maior peso serán o numérico, socioemocional e estocástico. Farase a través do traballo en equipo, a expresión de actitudes positivas ante os retos matemáticos, a identificación de situacións problematizadas relacionadas con este ámbito, a resolución de problemas</p> | 15             | 25         | X        |          |          |



| UD | Título                           | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A vida diaria.                   | <p>cotiás relacionados co reconto, a estimación de cantidades, a organización e análise de datos da vida diaria para representar manipulativa e graficamente o resultado,... e todo en relación coa educación financeira, en situacións de compra e venda.</p>  | 15             | 25         | X        |          |          |
| 2  | Os experimentos e as matemáticas | <p>Esta segunda proposta é multidisciplinar, permite establecer conexións con outras áreas. Ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece tamén o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (neste caso os sentidos con maior peso serán o sentido socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional) evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada e descontextualizada.</p> <p>Farase, usando recursos diversos, a través do traballo en equipo, recoñecendo as achegas de mulleres e homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto, ... e todo en relación actividades experimentais sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.</p> | 15             | 25         | X        |          |          |
| 3  | Celebramos o Entroido            | <p>Esta festa tradicional galega permite o enfoque globalizador. As matemáticas teñen múltiples posibilidades de traballo nesta proposta onde de novo poderemos facer un traballo intradisciplinar de conexión entre os diferentes sentidos. Os sentidos matemáticos que máis peso terán son o socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional, pero tamén o estocástico e o numérico poderán ter notable presenza.</p> <p>A participación respectuosa no traballo en equipo establecendo relacións baseadas no respecto e a igualdade, as tomas de decisión conxuntas, as medicións e estimacións de medidas relacionadas con receitas, patronaxes de disfraces, tempos das celebracións, datas... o uso dos principios básicos do pensamento computacional, as estratexias de cálculo, a resolución de problemas contextualizados,</p>  | 15             | 20         |          | X        |          |

| UD | Título                | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3  | Celebramos o Entroido | a organización e representación de datos, mesmo os procedentes da busca de información, a educación financeira... aparecerán interrelacionadas ao longo de toda a proposta.   | 15             | 20         |          | X        |          |
| 4  | A arte matemática     | <p>Esta unidade ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (os sentidos con máis peso serán o socioemocional, o espacial e o alxébrico e computacional, mais o da medida e o numérico terán incidencia transversal ).</p> <p>A relación arte-matemáticas está moi documentada. A música, a pintura, a escultura, a danza, a arquitectura ou a moda amosan a influencia das matemáticas. A proposta contextualiza o traballo da aula e úneo ao cotiá evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada.</p> <p>A organización do traballo en equipo, o recoñecemento das contribucións de mulleres e homes neste eido, a investigación de patróns, propiedades e relacións de forma guiada, a busca de regularidades, a descrición de actividades que se realicen paso a paso, a identificación de situacións problemáticas relacionadas con simetrías e figuras cos seus elementos ou a relación coas medidas aparecerán tentando unirse ao sentido estético.</p> | 20             | 25         |          | X        |          |
| 5  | Deportes e figuras    | <p>Entender e empregar as matemáticas na vida diaria é a finalidade desta proposta. As relacións entre os sentidos e procesos matemáticos (intradisciplinariedade) e as relacións co deporte (interdisciplinariedade) convértena nunha unidade moi integrada na que o sentido espacial, o da medida, o estocástico, o numérico e o socioemocional teñen moita presenza.</p> <p>As competicións deportivas e os procesos de adestramento reciben achegas positivas e unha perspectiva diferente analizados dende as matemáticas.</p> <p>A xeometría dos recursos, materiais e elementos das actividades deportivas; a análise de estratexias e traxectorias; as estratexias de medidas; a recollida, clasificación e reconto de datos; a estimación de resultados e tempos; o uso da probabilidade e os pronósticos; o traballo en equipo e o respecto ás persoas;</p>   | 15             | 25         |          |          | X        |

| UD | Título             | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5  | Deportes e figuras | o manexo de diversas situacións emocionais, as actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas serán algúns dos aspectos que se abordarán.   | 15             | 25         |          |          | X        |
| 6  | Viaxamos           | <p>Esta última proposta permitirá traballar de forma integrada todos os sentidos matemáticos nun contexto cotiá para o alumnado.</p> <p>Poderá deseñarse de múltiples formas: saída pola contorna, xincana pola vila, deseño de rutas con puntos de interese, excursión de fin de curso, viaxe en familia, as seleccións de equipaxe e medios de transporte, ou a planificación dunha axencia de viaxes.</p> <p>As conexións entre os coñecementos matemáticos amosan que o traballo pode inserirse nun campo integrado; abre posibilidades de relacións con outras áreas usando contextos reais que contribúen á funcionalidade e comprensión das aprendizaxes.</p> <p>A resolución de problemas, o fomento da argumentación e a comunicación, a representación espacial, a estimación de distancias e pesos, a medida de tempos e espazos, a educación financeira co cálculo orzamentario, o traballo en equipo, a organización e clasificación de datos e a perseveranza na busca de solucións serán algúns dos campos de traballo.</p> | 20             | 20         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1  | A vida diaria. | 25       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.                           | Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.  | PE | 25 |
| CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.                                 | Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.          |    |    |
| CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios. | Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios. |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.   | Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.   | TI        | 75       |
| CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.  | Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.                        |           |          |
| CA1.3 - Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.   | Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá. |           |          |
| CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.   | Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.   |           |          |
| CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.  | Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.   |           |          |
| CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.  | Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.  |           |          |
| CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.   | Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.                      |           |          |
| CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.  | Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.   |           |          |
| CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.   | Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.   |           |          |
| CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.  | Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.   |           |          |
| CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.  | Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.   |           |          |
| CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.        | Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.                |           |          |
| CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. | Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.                  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Cálculo
  - Estratexias de cálculo e reconto sistemático e adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 9 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.
  - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Cantidade
  - Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 9 999 en textos e contextos familiares e habituais.
  - Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 9 999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros).
  - Estimación razoada de cantidades ata o 9 999 e redondeo en problemas cotiás mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Sentido das operacións
  - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
  - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.
  - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.
  - Formulación de problemas que se resolvan con sumas, restas ou multiplicacións baseados en situacións familiares e cotiás.
  - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
  - Estratexias manipulativas e gráficas para a comprensión da división como repartición, agrupamentos ou fraccionamento en situacións de resolución de problemas en contextos reais, previas á utilización do algoritmo por comparación dos procedementos.
  - Construción manipulativa, gráfica e simbólica das táboas de multiplicar con base no número de veces, suma repetida ou disposición en cuadrículas para facilitar o cálculo mental.
  - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
  - Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 9 999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.
  - Resolución de problemas cotiás que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 9 999 e ordinais ata o 20<sup>º</sup> cun uso adecuado da simboloxía das relacións.
  - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiás.
- Educación financeira
  - Identificación e experimentación en problemas da vida cotiá que requiran administración do diñeiro, fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
  - Estimación do gasto que se vai realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar en situacións de compra

## Contidos

- simulada, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.
- Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes, con verificación do resultado e aceptación da necesidade de rectificar en función do erro.
- Organización e análise de datos
- Estratexias guiadas de recollida e reconto de datos cualitativos ou cuantitativos discretos da vida cotiá, análise, clasificación e organización destes, interpretación da frecuencia absoluta e representación con gráficas sinxelas para comunicalos: pictogramas, gráficas de barras e histogramas.
- Extracción e interpretación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.
- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.
- Incerteza
- Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás nas que intervén o azar.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.
- Recoñecemento das contribucións de mulleres e homes en matemáticas e a súa achega a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

| UD | Título da UD                     | Duración |
|----|----------------------------------|----------|
| 2  | Os experimentos e as matemáticas | 25       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.2 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.   | Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.   | PE | 50 |
| CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.   | Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.   |    |    |
| CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.  | Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.  |    |    |
| CA2.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.   | Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.  |    |    |
| CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.  | Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.   |    |    |
| CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. | Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.                 | TI | 50 |
| CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.   | Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.  |    |    |
| CA2.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.   | Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica                      |    |    |
| CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.  | Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.  |    |    |
| CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.   | Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá |    |    |
| CA4.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.   | Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.  |    |    |
| CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.  | Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.            |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.   | Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.  |    |   |
| CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.   | Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.  |    |   |
| CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. | Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Magnitude                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e exemplificación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, masa, capacidade, temperatura e tempos) mediante a observación da realidade próxima.</li> <li>- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.</li> <li>- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiás e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.</li> <li>- Lectura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso.</li> </ul> </li> <li>- Medición                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para realizar medicións con instrumentos e unidades non convencionais (repetición dunha unidade, uso de cuadrículas e materiais manipulativos) e convencionais.</li> <li>- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (regra, cinta métrica, balanzas, reloxo analóxico e dixital), elección das unidades máis apropiadas, medición con precisión, contraste dos resultados e expresión correcta das unidades, con control e explicación do proceso seguido.</li> </ul> </li> <li>- Estimación e relacións                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Experimentación, comparación, ordenación, composición, descomposición e expresión das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.</li> <li>- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l, mes, semana, día, hora, minuto) e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá de maneira individual e en equipo que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.</li> <li>- Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais para aplicar en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato das experiencias persoais e na xestión das emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.</li> </ul> </li> <li>- Patróns                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación e predición razoada de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.</li> </ul> </li> </ul> |



## Contidos

- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades, con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ( $=$ ,  $?$ ,  $>$ ,
- A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.
- Representación de situacións con secuencias de instrucións ou algoritmos sinxelos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario específico de uso común en música.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para música.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | Música entre amigxs | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.  | Identifica visualmente e representa: negra, branca (e silencios), dobre corchea, barra divisoria e dobre barra final, clave de sol e compás 2/4 e 3/4 (discriminando estes pola acentuación do pulso). | PE        | 20       |
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.                 | Recoñece a diferenza e discrimina entre música tradicional e música moderna. Descubre propostas musicais que transmitan ira e medo.  | TI        | 80       |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.                | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.  |           |          |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Crea unha melodía de 4 compases de 2/4 ou de 3/4 (do, mi, sol, la e do agudo; branca, negra, silencio de negra e dobre corchea). Improvisa no xilófono (escala pentatónica) sobre unha base musical.   |           |          |
| CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.                            | Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 e 3 compases de 3/4 (figuras: negra, silencio de negra e dobre corchea).   |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.   | Manifesta respecto na realización de actividades musicais.   |           |          |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.  | Entende a representación corporal (inclúese tamén a facial) das emocións nas propostas escénicas e performativas seleccionadas.  |           |          |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.   |           |          |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.                                 | Baila de xeito completamente libre nalgunha parte dunha coreografía aprendida.<br>Grupalmente realiza movementos corporais que representen ira ou medo, segundo suxira cada música proposta. |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafas convencionais e non convencionais.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común en música.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> </ul> |

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 3  | Os sons da miña Terra | 10       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.  | Identifica visualmente e representa no pentagrama: notas do, re, mi, fa, sol, la, si e do agudo.<br>Copia no pentagrama ritmos de 8 pulsos: rítmicos (negra, silencio negra e dobre corchea)    | PE | 20 |
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.   | Recoñece diferentes emocións transmitidas nas diferentes propostas seleccionadas.   | TI | 80 |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.   |    |    |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.                                     | Expón o seu instrumento con materiais de refugallo e clasifícao na familia de instrumentos<br>Toca na fruta as notas sol, la, si; do e re agudos.   |    |    |
| CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.  | Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4 ou 3 de 3/4 (notas: do, mi e sol; figuras: negra, silencio de negra e branca).   |    |    |
| CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.                                  | Experimenta e elabora en grupo un listado de instrumentos e obxectos sonoros, incluíndo de refugallo e/ou reciclaxe, que poden servir para expresar emocións ou potenciar a súa representación. |    |    |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades musicais.  |    |    |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.                                    | Recoñece nas representacións escénicas e performativas propostas as diferentes emocións identificando cada unha delas.  |    |    |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.                                   | Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.  |    |    |



| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.                                 | Individualmente realiza movementos corporais que representen as diferentes emocións traballadas.  |    |   |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.  | Participa nun grupo que deseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue representación corporal das 6 emocións traballadas. |    |   |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.</li> <li>- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática</li> </ul> |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4  | A bailar!    | 8        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.   | Recoñece o timbre dos diferentes instrumentos empregados na música tradicional e popular galega.   |    |     |
| CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.   | Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.   |    |     |
| CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.   | Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.   |    |     |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.  | Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.  |    |     |
| CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.   | Participa en grupo na creación dunha pequena partitura de grafía non convencional orixinal, e que conteña algúns dos elementos traballados no curso, para ser explicada e interpretada ao resto. | TI | 100 |
| CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.  | Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.   |    |     |
| CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Describe algún dos pasos da muiñeira, algúns elementos característicos do vestiario do baile tradicional galego e nomea algúns dos instrumentos tradicionais que adoitan interpretala.           |    |     |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.  | Participa nun debate grupal sobre música e danza galega tradicional.   |    |     |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas. |    |   |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.  | Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.                           |    |   |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.   | Participa en grupo na creación dunha pequena coreografía que inclúa unha parte para a improvisación libre.  |    |   |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.  | Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, está pensada para ser non só intercalada ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á metra, como para o enriquecemento do alumnado..

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións a tratar ao longo deste último nivel do 2º ciclo e do resto da etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

- A climatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal

- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a fruta doce

- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia

- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz

- dixitación das notas traballadas na fruta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na Aula Virtual do centro, na sección específica da materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas

- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso

- ligazóns de interese relacionadas coa materia

- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)   |
| Encerado dixital   |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc. |
| Altofalantes   |
| Piano electrónico  |
| Aula Virtual do ceipvistahermosa > 3º curso > Música 3   |
| Fruta doce   |

|                |
|----------------|
| Bloc de música |
| Estoxo         |
| Tablet         |

A aula conta con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A clase, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas, pois esta compártese coa materia de plástica e ccnn.

O ordenador de aula conta con altofalantes, para a reprodución auditiva, proxector e encerado branco.

Empregaremos tablets para a gravación de producións do alumnado e material de soporte do profesorado.

A sección desta materia na AV do centro, está en aberto, non fai falta clave e servirá para compartir recursos, coreografías para repasar desde a casa, pequenos proxectos musicais.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (fruta, cartafol con aneis para fichas e estoxo).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso.

Esta avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-17 alumnas/os do centro, do que se ten coñecemento do curso anterior

-1 alumno ao que hai que actualizarlle a AC neste curso.

A proba de Avaliación inicial consistirá en:

-unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD.

-unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>25</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 20        | 20        | 20        | 0         | <b>15</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 80        | 80        | 80        | 100       | <b>85</b>  |

### **Criterios de cualificación:**

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 25%

-2º trim. 35%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Impulsarase o Deseño Universal de Aprendizaxe (UDL) para garantir unha educación inclusiva efectiva, permitindo o acceso ao currículo a todo o alumnado que teña necesidades específicas de apoio educativo. Para iso desenvolveranse dinámicas de traballo que axuden a descubrir o talento e potencialidade de cada alumno e integraranse diferentes formas de presentación do currículo, metodoloxías e recursos variados que respondan aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

-Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase. Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Neste curso está escolarizado un alumno con trastorno do neurodesenrolo (de espectro autista) con ACs que deberá ser revisada ao longo deste primeiro trimestre. Traballarase a estimulación cognitiva, a linguaxe e comunicación social e as habilidades sociais. Ademais dos instrumentos musicais da aula, empregaranse recursos que capten a súa atención (aplicacións musicais, xogos).

Un alumno con hipoacusia, e unha alumna con atraso madurativo. Agruparase ao alumnado en grupos inclusivos, o que favorece a integración, a relación entre iguais, fomenta o respecto mutuo e o contribúe a que o alumnado con baixo rendementose beneficie do ritmo de traballo dos máis avanzados.

No caso do alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos con tarefas previamente seleccionadas que atendan á súa rápida aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora  | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita   | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual   | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital  | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento      | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres                                     | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos |      | X    |      |      |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible    |      |      | X    |      |
| ET.9 - Educación para a saúde   | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

Os elementos transversais, aquí numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio desenvolvemento de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 1º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe cunha exposición que durará todo o curso.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Festival de inverno                                | Con interpretación de panxoliñas e bailes nun acto conxunto aberto ás familias.  | X        |          |          |
| Comemoracións de todo o centro con coreografías    | Festas de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) patio do cole; aberto ao público . | X        | X        | X        |
| Festival das nosas Letras danza tradicional galega | Obradoiro de danza tradicional galega no 3º trimestre no centro,   |          |          | X        |
| PDI : Un, dous, tres... a contar outra vez!        | Selección de cancións e xogos con temática relacionada cos contos, nas que haxa que contar, esperar quendas, tempos musicais, duracións das figuras, silencios   | X        | X        | X        |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico               |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.                                      |
| Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.  |
| Metodoloxía empregada  |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.   |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Máis do 80% do alumnado superou a materia.   |
| Medidas de atención á diversidade  |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación.   |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.                                     |
| Clima de traballo na aula  |
| Consegiuse a participación activa de todo o alumnado   |



Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Aportouse información ao persoal docente titor.

Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral no diario de clase a través da observación directa e de mesas redondas para valorar o clima de traballo e para a comprobación dos indicadores de logro; a información recollida incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

### 1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

### 2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

### Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

### En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

### 3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 32015220 | CEIP Vistahermosa | Ourense  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Proxecto competencial       | 3º Pri. | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 4             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 6             |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 6             |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 6             |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 7             |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 7             |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 8             |
| 7.2. Actividades complementarias  | 8             |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 9             |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 9             |
| 9. Outros apartados   | 10            |

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. O proxecto que levaremos a cabo será o deseño e elaboración dun ou varios xogos de mesa co que se pretende o fomento do traballo en equipo, a creatividade e a resolución de problemas.

Unha vez elaborado o produto final contamos con dúas posibles propostas: levalos a outras aulas ou a un centro de día (ApS).

A idea é que cada grupo de aula elabore o seu xogo, para iso tamén probaremos e xogaremos a distintos xogos de mesa que nos permitirán coller ideas, traballas normas, instrucións, respecto do turno, fomentar a participación...

O grupo seleccionado de 3º EP, está composto por 10 alumnos e alumnas con idades comprendidas entre os 7 e 8 anos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC | CE    | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.   | 1   |    |      | 1   | 1-5   | 3  | 1-2-3 |      |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.   | 1-3 |    | 5    | 3   | 1-3   | 2  | 3     |      |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3  | 3    | 2-3 | 1-3   |    |       | 3-4  |

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título        | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Eliximos      | Elección do proxecto por parte dos alumnos de PC. Organizar o traballo. | 20             | 13         | X        |          |          |
| 2  | Desenvolvemos | Elaboración do traballo.  | 40             | 12         |          | X        |          |
| 3  | Expoñemos     | Exposición e presentación do produto final.                             | 40             | 10         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1  | Eliximos     | 13       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.  | Mostra interés polo proxecto.  | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.  | Participa na busca dos recursos e materiais necesarios.                    |    |     |
| CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.   | Busca e selecciona a información.  |    |     |
| CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.                | Participa na elaboración da temporalización do proxecto                    |    |     |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Participa na previsión de posibles incidencias e na proposta de solucións. |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul> |

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---------------|----------|
| 2  | Desenvolvemos | 12       |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>             | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.   | Executar as actuacións planificadas.      | TI        | 100      |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.                     | Aplicar os coñecementos axeitados.        |           |          |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.                          | Empregar recursos e materiais necesarios. |           |          |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas.         |           |          |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.  | Valorar os resultados logrados.           |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>                              |
|--|
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3         | Expoñemos           | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>                          | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.   | Participa na presentación do proxecto.                 | TI        | 100      |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.                        | Expón oralmente con corrección, claridade e "en alto". |           |          |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Expón de fronte ao resto do alumnado.                  |           |          |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.                    | Disfruta coa exposición.                               |           |          |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.  | Emprega algún recurso como apoio na presentación.      |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.                 |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Remitímonos ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso.

Neste Centro:

Poñerase especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera formato e soporte.

Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Teranse en conta as ferramentas dixitais dispoñibles no centro potenciando o seu uso e espírito crítico.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación                       |
|------------------------------------|
| Caderno de aula                    |
| Ordenador e tablet.                |
| Cartolinas, pegamento, tesoiras... |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Precisaremos distintos xogos de mesa existentes adecuados á súa idade e materiais funxibles.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 20   | 40   | 40   | 100   |
| Táboa de indicadores  | 100  | 100  | 100  | 100   |

### Criterios de cualificación:

Todos os CA da presente PD serán avaliados por diferentes tipos de táboas de indicadores, sobre todo por rexistros de observación directa por parte do profesorado.

A nota trimestral, segundo as UD repartirase así:

- 1º Trimestre: UD1 100%
- 2º Trimestre: UD2 100%
- 3º Trimestre: UD3 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º Trimestre: 20%
- 2º Trimestre: 40%
- 3º Trimestre: 40%

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados co proxecto seleccionado.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso faranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para o alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Recantos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe porase en coñecemento do Departamento de Orientación para decidir e organizar as medidas oportunas (Reforzo educativo, ACI, Apoio PT¿).

No caso de alumnado con altas capacidades deseñaranse actividades de ampliación seguindo as indicacións do Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura   | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita   | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual   | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia Dixital  | X    | X    | X    |
| ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico            | X    | X    | X    |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres                                     | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | X    | X    | X    |

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Celebracións no Centro Participar nas actividades organizadas para todo o centro. | Participar nas actividades organizadas para todo o centro. | X        | X        | X        |
| Saídas  | Participar nas saídas organizadas.                         | X        | X        | X        |

### Observacións:

Participar nas celebracións de festas populares co Centro (Magosto, Entroido, Samaín, Maios. . .) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...).

- Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función do proxecto traballado e dos propios intereses dos nenos e nenas. Realizarase como mínimo unha saída trimestral.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico        |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado   |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas  |
| Metodoloxía empregada   |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas                 |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación  |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación                                    |
| Clima de traballo na aula   |
| Participación activa de todo o alumnado   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais                  |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado                                    |

#### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Ao remate de cada trimestre revisarase a PD no apartado correspondente do Proens e nas Sesións de Avaliación. Nestas reunións recolleranse as distintas Propostas de Mellora e Observacións sobre a PD.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------|----------|---------------|
| 32015220 | CEIP Vistahermosa | Ourense  | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Relixión Católica           | 3º Pri. | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 6             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 14            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 16            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 17            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 17            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 19            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 19            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 21            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 23            |
| 9. Outros apartados   | 24            |

## 1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade, tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 3º de E.Primaria no CEIP Vistahermosa, na cidade de Ourense. Este centro atópase no barrio que da nome ao colexio. O seu alumnado procede do barrio maioritariamente, aínda que recibe alumnado doutros barrios limítrofes. que é transportado en autobús escolar. O centro dispón de aulas perfectamente equipadas, de biblioteca con servizo de préstamo e pizarra dixital (é o lugar onde habitualmente se imparte a clase de relixión). Conta, tamén, con servizo acollida temperá, de comedor e de actividades extraescolares pola tarde.

As familias das que procede o alumnado teñen un nivel soioeconómico medio-baixo. Os nenos non presentan maior problemática que a común dos nenos destas idades dun barrio de cidade.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que reconece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE) no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese, así, o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos

compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comuñón. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

## **2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**



| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA   | CC    | CE  | CCEC  |
|--|-----|----|------|-----|---------|-------|-----|-------|
| OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.   | 1-3 | 2  |      | 1-4 | 1-2-4-5 |       | 2-3 | 3     |
| OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.   | 2-5 | 3  | 5    | 3   | 3       | 1-2-4 | 1   |       |
| OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.   | 1-5 |    | 3    | 1   | 2-3     | 2-3-4 | 1   | 3     |
| OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.   | 4   | 3  |      | 2-3 |         | 3     |     | 1-2-4 |
| OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas. | 1   |    |      |     | 1-3-5   | 3     | 2   | 1-3-4 |
| OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.   | 2-3 |    | 4    | 1   | 4-5     | 1-4   | 3   | 1     |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título   | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | E viu Deus que era bo para ti                          | A Creación desde a perspectiva da fermosa tarefa de vivir con responsabilidade, coidando do mundo que nos rodea<br>A misión de Noé  | 14             | 5          | X        |          |          |
| 2  | Moisés: facer posible o imposible                      | Personaxes amigos de Deus. Alianza do pobo de Deus<br>Moisés. Os Dez Mandamentos recollidos nas Táboas da Lei   | 14             | 5          | X        |          |          |
| 3  | O Advento e o Nadal. Unha estrela guíanos ata o portal | Calendario litúrxico. Tempo de Advento e Nadal<br>Elaboración de manualidades propias destas datas (Belén)<br>As panxoliñas, cancións que fan revivir o nacemento de Xesús e proporcionan a ledicia destas festas.        | 18             | 6          | X        |          |          |
| 4  | A mirada de Amor de Xesús                              | Xesús e os demais.<br>As situacións inxustas vistas desde a solidariedade e o Amor de Xesús<br>Espazos de convivencia agradable e inclusiva. Lecturas de fragmentos sobre Xesús no patio para gozar da beleza da natureza | 14             | 5          |          | X        |          |
| 5  | Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús                  | Identifico os símbolos do calendario litúrxico e dos sacramentos<br>Na Semana Santa, a Paixón de Xesús<br>Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua   | 14             | 5          |          | X        |          |
| 6  | Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa                | Relatos bíblicos sobre os apóstolos de Xesús. A súa misión<br>A misión da Igrexa<br>Reflexionamos sobre as vocacións e sobre o traballo dos misioneiros espallados polo mundo.  | 14             | 5          |          |          | X        |
| 7  | Celebramos en comunidade                               | Unidos a Deus celebramos a Vida e a misión da Igrexa<br>Os primeiros cristiáns. A solidariedade entre eles.<br>Finaliza o curso, expresión de alegría porque formamos parte desta comunidade!                             | 12             | 4          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD                  | Duración |
|----|-------------------------------|----------|
| 1  | E viu Deus que era bo para ti | 5        |

| Cráterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.  | Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar  | PE | 31 |
| CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.       | É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algunha acción ou narración identificativa súa. | TI | 69 |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexia, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. | Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal                                      |    |    |
| CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.  | Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.</li> <li>- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal.</li> <li>- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Antigo e Novo Testamento.</li> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- A Igrexia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.</li> <li>- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O coidado da contorna natural e social como casa común.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> <li>- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>               | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------------------|-----------------|
| 2         | Moisés: facer posible o imposible | 5               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón. | Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase  | TI        | 100      |
| CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.                          | Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos        |           |          |
| CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.   | Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento |           |          |
| CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.  | Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Relatos bíblicos de vocación e misión.</li> <li>- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. |

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|--|----------|
| 3  | O Advento e o Nadal. Unha estrela guíanos ata o portal | 6        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural. | Dalle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando súa achega á identidade do lugar                   | TI | 100 |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.  | Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús |    |     |
| CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.               | Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade                   |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.</li> <li>- María, Nai da Igrexa.</li> <li>- A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> </ul> |

| UD | Título da UD              | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 4  | A mirada de Amor de Xesús | 5        |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.   | Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús  | PE | 25 |
| CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.   | Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza                | TI | 75 |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. | Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús |    |    |
| CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.   | Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo                       |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- Relatos bíblicos de vocación e misión.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Antigo e Novo Testamento.</li> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.</li> <li>- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.</li> <li>- A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.</li> <li>- Tipos de oración: características e diferenzas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas. |

| UD | Título da UD                          | Duración |
|----|---------------------------------------|----------|
| 5  | Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús | 5        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximas, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón. | Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar a súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade... | TI | 100 |
| CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.                          | Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos                       |    |     |
| CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.                                 | Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando a súa achega á identidade do lugar                              |    |     |
| CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoo en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.  | Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento                |    |     |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.  | Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús              |    |     |
| CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.  | Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións   |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.  |
| - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.                                 |
| - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.  |
| - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. |
| - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.  |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                            | Duración |
|----|---|----------|
| 6  | Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa | 5        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.      | É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algunha acción ou narración identificativa súa.                      | PE | 33 |
| CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.   | Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús  |    |    |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. | Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús | TI | 67 |
| CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.   | Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo                       |    |    |
| CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.                              | Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, , valorando súa achega á identidade do lugar                                     |    |    |
| CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.  | Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade                                       |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|----------|
|----------|



| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Antigo e Novo Testamento.</li> <li>- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.</li> <li>- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>      | <b>Duración</b> |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 7         | Celebramos en comunidade | 4               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.                          | Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos                              | PE        | 27       |
| CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.  | Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiás e mesmo de outras relixións   |           |          |
| CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.  | Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza                | TI        | 73       |
| CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximas, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón. | Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade...          |           |          |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.    | Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús |           |          |
| CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoo en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.  | Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento                       |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.  | Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús |    |   |
| CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais. | Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade                   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade do ser humano.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- Antigo e Novo Testamento.</li> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- María, Nai da Igrexa.</li> <li>- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.</li> <li>- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.</li> <li>- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

##### CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoo a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real polo que será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula.

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, vulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En relixión, os alumnos/as iníciase no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

- Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas e

- Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía

- Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o

desenvolvemento da súa correcta autoestima.

- Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, "Ensin básico" sinálase
- Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

b) O agrupamento dos alumnos

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Tralaballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso, estableceréinos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito amosarase a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Material específico e convencional da aula   |
| Material impreso   |
| Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) |
| Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...                        |
| Materiais diversos   |
| Recursos persoais ou humanos   |
| Material funxible variado  |

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensin básico" Sinálase, cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de Aprendizaxe.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

\*Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

\*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...

\*Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de vídeo, tabletas, app ,Biblia infantil, CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual e blogue, a luz negra, o robot escornabot e gafas de Realidade Virtual, películas animadas do

Antigo e do Novo Testamentos...

\*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de despertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa supervisión, sexa quen de elaborar os seus propios xogos ou adornos.

\*Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

\*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

\*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na PDI.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>14</b> | <b>14</b> | <b>18</b> | <b>14</b> | <b>14</b> | <b>14</b> | <b>12</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 31        | 0         | 0         | 25        | 0         | 33        | 27        | <b>16</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 69        | 100       | 100       | 75        | 100       | 67        | 73        | <b>84</b>  |

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será global, continua e formativa, según o recolle a Orde do 26 de maio de 2023

Global: a valoración da aprendizaxe referirase ao grao de adquisición das competencias clave e ao logro dos obxectivos.

Continua: coñecerase o progreso e as dificultades da aprendizaxe que presenta cada alumno ou alumna durante todo o proceso educativo. Levarase a cabo día a día, tanto de maneira global da marcha da clase como

individualizada, mediante os instrumentos de avaliación.

Formativa: Empregarase a información sobre a evolución da aprendizaxe para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe, adaptándoo as características persoais de cada alumno ou alumna.

A avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiránme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal: 40%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 25%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 35%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

As cualificacións serán, segundo a citada Orde os resultados da avaliación e expresaranse nos termos de:

IN (insuficiente) para as cualificacións negativas e SU (suficiente), BE (ben), NT (notable), ou SB (sobresaliente) para as cualificacións positivas.

A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1,2,3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

#### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., xa solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo                                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero... | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes                                    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Comunicación audiovisual e TAC                                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Competencia dixital   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Fomento da creatividade   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Educación para a PAZ.   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Comprensión da lectura  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas                               | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Fomento do emprendemento  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Fomento do espírito científico                                    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.15 - Educación emocional e en valores                                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer       |      | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- \* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- \* Igualdade entre mulleres e homes.
- \* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- \* Competencia dixital
- \* O fomento da creatividade no alumnado
- \* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- \* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- \* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- \* Expresión oral e escrita, positivas
- \* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
- \* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- \* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- \* Educación emocional e en valores
- \* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....



## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Lecturas felices no patio                         | Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos   |          |          |          |
| Belén móbil                                       | Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén que irá por todas as aulas do colexio e á visita ao xeriátrico |          |          |          |
| Tarxetas de felicitación de Nadal para os maiores | Realizarán tarxetas de felicitación de Nadal par enviar os maiores da Residencia que se atopa ao noso carón   |          |          |          |
| Busca do tesouro da Semana Santa e Pascua         | Prepararei unha busca do tesouro de momentos importantes da Semana Santa e Pascua que logo debemos ordenar, con premio para todos ao finalizar a sesión                               |          |          |          |

### Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Traballo en equipo con outros mestres/as                          |
| Emprego de ferramentas TIC  |
| Consigo que o alumnado traballe en equipo                         |
| Tento facer clases amenas e motivadoras                           |
| Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos |
| Implico ás familias   |
| Utilizo medidas de atención á diversidade                         |

Avalío constantemente miña propia práctica docente

### Descrición:

#### PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

#### INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica.

A normativa recolle que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes, polo tanto, ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

#### \* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso. Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre ou traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír ou proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

\*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos

en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

\*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo

\*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais) en,

- Fichas de actividades e xogos de cada U.D.
- Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre
- Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo
- Traballo cooperativo
- Manualidades, pasatempos
- Xogos de mesa, de creatividade,
- Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdóticos, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

### PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

\* O seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

\* Os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A avaliación do alumnado, levarase a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre.

Propostas de mellora de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

\* Adecuación da programación didáctica.

\* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

\* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TIC e TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

\* Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

\* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:  
Aos alumnos e ás familias

\* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## 9. Outros apartados